

A reserva dos lebrílopes

Paloma Barrera Crespo

Primeiro premio na modalidade de tradución literaria dos *Premios de poesía, relato curto e tradución literaria da Universidade de Vigo 2014*

Datos da obra orixinal

Autora: Angela Readman

Título: *The Keeper of the Jackalopes*

Publicación: Reino Unido, 2014

Editorial: Relato curto gañador do concurso *Costa Short Story Award*

O mellor momento era o que antes a asustaba. Unha vez retirada a pel, o coello xacía na mesa despoñado do seu traxeciño. Podía ser todo o que el quixese. Clary agarimou a fría pel. O banco estaba cuberto de estropallo e labras de madeira. As pezas estaban todas despregadas. O seu pai ollaba a caveira de arxila cun dedo no queixo, preparado para recompoñer o coello. Clary mirouno, lembrando aquela época en que non había coello ningún, só lebrílopes que xurdían por arte de maxia. El cubríao cunha caixa ata que quedase perfecto e, despois, levantaba o cartón. E aí estaba. O lebrílope. Cornos, orellas e bigotes de coello que case se movían ao tocalos. Parecía que, xusto antes de dar o salto, se conxelara co horizonte nos seus ollos.

A fiestra deixaba pasar unha faixa de aire fina como unha lembranza. Clary serviu café. Un para el. Outro para ela: metade leite, metade café e unha cullerada de azucre por cada trinta centímetros que creceu nos últimos anos. Os pasos polo sendeiro eran bruscos. Cada golpe na porta estaba perfectamente espazado, como se alguén aprendese na universidade como petar correctamente, o que significaba cada golpe. Clary abriu a porta, apoiando a cadeira na fenda do marco. A camisa do home era azul. Remangou as mangas sen mirar, só remangaba e remangaba todo o día. Mirou a Clary, axustou a gravata de seda e non atinou ao escoller o que dicir. Sen que lle importase que a rapariga fose alta, levase uns pantalóns curtos amarelos axustados e tivese unha tatuaxe falsa dun esquíno no pulso, preguntou:

—Están mamá ou papá por aí?

O home engurroulle o cello ao marcador máxico co que pintaba as uñas dos pés de negro. Deixouno pasar só con dar un paso atrás. Seu pai non se ergueu.

—Señor Harris? Cale Harris? —preguntou o home, estendendo a man, que quedou no ar.

Cale Harris seguiu traballando. Introduciu o molde do coello na pel e deulle a volta ao peello como se abrochase un saco de durmir. O home recolleu a man que estendera arredor da súa carpeta cargada de formularios.

—Veño de parte de Moss e Fillos. Escribímoslle recentemente unha carta en que realizabamos unha oferta pola súa terra. Non estou seguro de que recibise a nosa carta...

—Recibímola —dixo Cale—, e despois recibímola outra vez.

Clary estomballouse no asento de espuma que tiñan na caravana, cunha perna colgando e un pé no chan. Observaba como o tipo da camisa miraba ao seu redor e buscaba algo co que poder adular a seu pai. «Moi acolledor o fogar que montou aquí». Algo. Mirou á chica e despois volveuse fixar no coello morto.

—Entón sabe que lle enviamos unha oferta moi xenerosa polo terreo —comentou o home da camisa.

—Xa sei —dixo Cale.

—Entendemos que o saneamento é deficiente e que se necesitarían moitos cartos para arranxalo. Nunca construíu aquí?

—Non.

—E o seu pai tampouco?

Aí estaba outra vez, a oferta, co seu razoamento. Clary fixo tintinar na mesa a xerra onde se gardaban os ollos de vidro e recostouse, mantendo en equilibrio nas súas pálpebras uns ollos de raposo. O cristal estaba frío. A xerra embazábase baixo as súas xemas. Moveu os ollos pola cara e despois cambiounos polos ollos de cervo, moito máis grandes que os dela. Recostada, imaxinaba como sería vivir nun supermercado, a caravana estaría no medio do corredor do mollo picante. Os clientes pasarían mentalmente polo seu lado con carriños e espreitarían polas ventás para mirar o que había de oferta: só unha nena e o seu pai que vían unha serie antiga de gladiadores todas as noites.

Clary retirou os ollos de cervo das pálpebras e mirouse no espello ámbar que tiña nas mans. Ter ollos de cervo, pensou, estaría xenial.

O café estaba espaxado polos papeis que estaban baixo a lata: un gran aquí, outro acolá, cada día máis espallado. Había máis papeis nalgunhas, soterrados no bosque que era a caravana. Clary estaba rodeada. Había un cervo no baño, un corvo pousado no armario a piques de baixar en picado e esnaquizar o algodón da alfombra coma se fose prea. Os ollos de vidro miraban a Clary todos os días mentres comía, durmía e metía o dedo no nariz. Antes, a tenda de caza da vila mercaba os animais e o museo tamén. Dende que pechara a tenda e o museo se fixera con ordenadores, xa nada era coma antes. Clary sentía que os animais se reproducían, multiplicándose. Porén, seu pai aínda non podía pasar polas cunetas sen pararse a cavilar se podía traer máis animais á casa.

—Bo descubrimento o de hoxe —dixo mentres entraba pola porta abaneando un mapache morto que agarraba polo rabo.

Clary suspirou, acariciando o coello no recuncho de pel que tiña entre as orellas. Ningún corno á vista. Había anos que non vía un lebrílope.

Había regras con respecto aos lebrílopes, explicáralas seu pai. O traballo de mamá era cazalos. Só se podían cazar pola noite. Os lebrílopes eran asustadizos, astutos e tan raros como os dentes dos pavos.

—Por iso nunca vin un saltando por aí? —bocexaba Clary mentres facía a cama—. É aí onde está mamá todo o tempo?

O seu pai pousou un dedo no seu nariz:

—Exacto —uliscou. O aire estaba cheo de perfume. El fitou o po, decatándose de que faltaba unha botella no estante. Cubriu os ollos coa parte de atrás da man e abrazou a Clary.

—Vouche contar unha cousa dos lebrilopes —dixo—. Se tes sorte, podes ver un nas noites de lúa chea. Tes que ser moi coidadosa para collelos. Tes que disimular o teu cheiro para que non perciban a túa presenza e preparar unha trampa con whisky para que sexa máis fácil capturalos. Despois, tes que agardar. Algunhas veces tes que esperar moito tempo.

Clary pintou as uñas dos pés de cor azul cun bote de laca de uñas que atopara enriba da caixa do correo. Fóra estaba escurecendo. O sol agochábase entre as caravanas prateadas como o facía unha moeda nunha máquina. O estómago de Clary ruxía, seguido polo de seu pai, os dous ruxían como se fosen tambores preparados para a guerra. Era a hora.

—Preparada? —preguntou Cale.

Clary puxo unha gorra e meteu o pelo dentro mentres puña os deportivos. Pegábenselle aos pés mollados. Miraron en ambas direccións ao carreiro que había detrás do supermercado. Cale abriu o colector do lixo.

—Un, dous, tres. Aaarriba!

Subiu a Clary aos seus ombreiros coma se fose unha nena no circo. Ela pendurouse do colector do lixo, movéndose entre caixas e plástico transparente que brillaba. Abalanzouse, lanzando paquetes ao asfalto. Carne envolta en plástico aceitoso. Plátanos, patacas e ovos que collía con coidado mentres o revolvía todo.

—Claro! —dixo Cale metendo produtos a piques de caducar nunha bolsa de deporte—. Para que necesitarán outro mercado? No único que hai non dan vendido todo o que teñen.

Na cociña da caravana todo era máis do que semellaba. A mesa do comedor convertíase nunha cama. O caixón dun armario podía converterse nun mostrador, a porta doutro era, en realidade, unha táboa para pasar o ferro. E o lixo podía ser cea e a cea podía ser con sorte só iso. Clary puxo os ovos en auga e mirou como algúns se mergullaban ata o fondo e outros oscilaban, decidindo se rebotar ou non.

—Os ovos están ben —dixo Cale—, o bisté está en perfecto estado. Caducados, xa...

O cuarto crepitou, o fume do fornello asubiou nas súas orellas máis rápido que os rumores. Clary mastigou a comida, lenta como un pensamento. Seu pai devorou a carne, deixando o prato limpo ata o punto que parecía vidro.

—Está bo de car... carballo, señor supermercado —dixo—. Vaia, síntoo, pequena, non deberías escoitar estas cousas. Atende, non digas palabras malsoantes no colexio, non queres acabar coma min.

Clary riu, non o podía evitar. El púñaselle a falar coma se tivese seis anos centos de veces ao día. A súa boca estaba chea de carballos, raios, mércores e carambas, amansaba cada palabra de modo que non escoitase ese tipo de vocabulario. Aínda así, sempre estaba pedíndolle perdón, lamentando o que pensaba en vez do que se permitía dicir. Clary recordou como discutira cun veciño cando ela era pequena. El puxérase vermello da rabia coma o traxe de Papá Noel e pechara os puños.

—Ti, ti... —dixo. Atopouna detrás del, unha nena soterrando unha flor na terra. Da súa boca só saían palabras malsoantes. O veciño riu na súa cara.

—Vamos —dixo.

Había buracos na roupa baixo as súas axilas que cumpría coser para a escola. A blusa de algodón que tiña nas mans parecía máis esvaradía ao collela ca o esquíu que estaba preparando no banco. Clary mirouno medir cada centímetro do esquíu. Tremíalle o espiñazo, temerosa, ao ver que o esquíu desaparecía e despois volvía ser quen fora. Cale coseu a blusa á perneira dos vaqueiros e maldiciu:

—Síntoo, pequena, non uses esta palabra. Vale? —dixo.

A nena asentiu. Sempre entendeu que algunhas palabras eran como labras de madeira, metidas en ocos para encher buracos, e outras eran coma carne, estómagos e corazóns. Había que eliminalas.

O cheiro a graxa queimada invadiu a caravana. O pai de Clary saíu fumar un cigarro. Mirou ao campo. As luces das caravanas estaban dispersas e eran brancas coma o lixo. Clary limpou o esmalte de uñas dos dedos e mirou como o seu pai reparaba na súa terra. E outra vez, imaxinou o supermercado, xusto aí, un «Compre un e leve outro gratis» sobre a súa cabeza. Seguiu a través da herba abundante coa petición na man, mentres a auga se filtraba polos seus deportivos facendo que voasen burbullas cara o pantano.

—Non poden quitarlle a casa á xente —dixo Cale.

Clary non estaba segura. Había menos caravanas que na mesma época do ano pasado. Empurrou cos pés botellas baleiras de whisky que botou na herba con delicadeza. Semellaba máis unha area de descanso ca unha casa.

Fóra da caravana de aceiro, un home e unha muller estaban sentados en cadeiras que se podían pregar mentres sostían salchichas enriba dun lume.

—Como vai? —preguntou Cale co bolígrafo na man—. Estou preparando outra petición. Non poden facer nada se permanecemos xuntos.

A muller ollou o seu marido. O seu marido inspeccionou os seus deportivos. O bolígrafo de Cale brillou na luz do lume. A caravana de metal era un espello brillante deles.

—Hoxe estivo aquí ese tipo —dixo a muller.

—Si? —preguntou Cale.

—Prometeu trasladarnos, a todos nós, a ese novo parque que está fóra da cidade. Escoitei que teñen bañeira de hidromasaxe, lavandería comunitaria e moitas vantaxes.

O papel engurrouse na man de Cale, quen marchou dicindo «Desfruta das salchichas de mer... do mercado» por riba do ombreiro.

—Veña, Cale! Non sexas así —dixo o home—. Senta, descansa un pouco. Toma unha cervexa. Veña! Non é unha mala oferta, podería ser peor.

—Vano facer de todas as formas —berrou a muller tras del.

As palabras rebotaron nas costas de Cale, que camiñaba. Clary tivo que apurar para seguirlle o ritmo.

—Podemos petar noutras portas —comentou Clary cun pé no soportal e o outro dentro da casa. Entraría na casa se llo dixese, ou collería o bolígrafo e golpearía en todas as portas que houbera en 30 quilómetros.

—Supoño que a xente prefere as bañeiras de hidromasaxe á lealdade —dixo o seu pai.

Clary sabía o que estivera a pensar cando saíu a camiñar. Miraría as luces da autoestrada como o faría un home pobre en Las Vegas. A súa cabeza estaría chea da axuda que lle prestara aos seus veciños, a man que lle botara á señora Jones cando o seu marido marchou, a roupa vella de Clary que doara aos Stephenson e á súa tribo en expansión de nenas louras. Podería axudalos remolcando os seus coches mesmo ata o día en que o inferno se conxelase, pero eles non lle podían dar nin unha sinatura, non. Dixera esas cousas un cento de veces, pero esta noite, non dixo nada. Clary sentou a carón del, sen saber que dicir. O seu silencio golpeábaa como o aire da noite. Desexou que falase. Nin sequera mencionou os lebrílopes.

A primeira vez que chegou unha carta, Cale camiñou pola caravana co papel na man, que era como combustible no lume.

—Que pon? —preguntou Clary.

—Non te preocupes, pequena, só é alguén que quere mercarnos a terra. Non vai pasar. Non o permitirei —respondeulle.

—Onde vivirían os lebrílopes? —preguntou ela.

Iso era. Seu pai díxolle que era moi lista. Xa sabía como facer que a xente asinase a súa petición. Colleu un bolígrafo, deulle a Clary un taco de papeis e sentou ao seu carón mentres ela escribía a carta.

Ola a todos:

Chámome Clary e teño seis anos. Vivo co meu pai nunha reserva de lebrílopes. A maioría da xente non os coñece, pero os lebrílopes son coellos con cornos e son moi MOI escasos. Por favor, non lles arrebatan o seu fogar.

Pegaron a carta manuscrita de Clary na porta. Chegábanlles cartas continuamente, dixo Cale. Unha muller que pensaba que a súa filla era adorable quería asinar a petición, ao igual que un home que odiaba as tendas e unha persoa que se encadeara a escavadoras unhas sete veces. Mesmo chegou unha dunha revista de misterios que lles quería sacar fotos a Clary e a Cale con gorros de cazador na

súa «reserva de lebrílopes». A xente estaba da súa parte, dixo Cale, xente rara, pero xente ao fin e ao cabo.

—Quizais deberíamos crear unha «senda lebrílope» —comentou rindo despois de que marchase o fotógrafo—. A xente quere crer en todo tipo de me... meigarías.

Fotocopiou anuncios que deixou na tenda de caza. Pasaron por aí dous universitarios con cigarrros finos.

Había un cadeado que brillaba no colector do lixo. Clary e seu pai quedaron no carreiro como a xente á que se lle presentaba un prato que non sabían como comer nun restaurante.

—Que clase de persoa pecha o seu propio lixo? —preguntou Cale.

O aire entumecía as mans de Clary. O inverno estaba a piques de chegar, mirándoos en todo momento co seu ollo prateado. Os seus pantalóns curtos amarelos estaban metidos nunha bolsa sobre o quentador de auga. Ela arrastraba o abrigo que facía que os seus brazos parecesen os de Frankenstein.

—E agora? —dixo ela.

Cale furgaba nos petos: chisqueiro, chaves e moedas soltas. Non era suficiente para un bocadillo de salchicha nin para un cacho de pizza, non era suficiente nin para poder dicir «que lle dean» e ir para a casa.

—Hai outros supermercados —dixo—, sempre os hai.

Camiñaron pola autoestrada, os coches pasaban moi rápido. Unhas raparigas de trece anos asomáronse á xanela dunha limusina rosa e berraron con euforia. Clary mirou cara adiante, en dirección ás luces da tenda de alimentación como se se tratase dun faro. Detrás, o colector do lixo estaba aberto. Pouco foi o que recolleron. Non había carne, só ovos, aguacates e cogombros. Era abondo.

Clary triturou o aguacate, cortou os cogombros e meteunos nun cunco. A tortilla estaba boa. Botaron unha illa de mollo picante xunto a un pantano de aguacate no prato.

—Como lle chamas a isto? —pregunto seu pai.

Clary pensou. Ela encargábase de poñerlle un nome aos pratos nos días en que a compra non era asombrosa. A tortilla tiña unha cor areosa e semellaba estar mala polos bordos. O guacamole improvisado parecía estar botado ao chou.

—«A gran rebelión mexicana das rás» —dixo mergullando o ovo no mollo verde e vermello.

Tiña que rir, como puidese.

Clary fregou os pratos. Seu pai mirou un exército de ratos de peluche aos ollos. Estaban na mesa, algúns sobre a punta dos pés, outros mirando para abaixo. Agrupou uns cantos como se fosen amigos, colocándoos correctamente.

—Que che parece? —preguntou.

Clary mirou a escena. O coro de ratos tiña chaquetas vermellas e bufandas ao redor do pescozo. Un levaba lentes de arame, outro suxeitaba un pedazo de papel con garabatos e todos tiñan a boca aberta coma se estivesen a piques de cantar unha canción de ratos.

—Necesitan algo —dixo Clary—, un gorro de la cun pompón arriba ou algo así, non?

Cale envolveu dúas bólas de neve de polistireno nun pano. Suspirou, colleu un rato gordo que vestía un mandil e colocoulle a cunca e a culler de xoguete nas patas.

—Humillante —dixo, colocándoo nunha caixa.

Clary amoreou as caixas pequenas nunha caixa máis grande que estaba preto da porta e pensou nas caixas negras de fóra. Trampas humanas, así é como lles chaman. Os chans estaban cubertos de cola. Unha vez que algo entra xa non pode saír.

Era cedo cando Cale cargou coas caixas. O seu lombo plano non soportaba nada que semellase estar preparado para abalanzarse, morder ou correr para sobrevivir, só ratos revoltos que locen poses de persoas. Cando cubriu as caixas cunha lona, Clary subiu. Escoitábanse interferencias na emisora da radio mentres entraban conducindo na seguinte vila.

—Adorable —dixo a dona da tenda—. Podemos mercar máis nas próximas semanas.

Sentou detrás do mostrador, pregando instrucións en paquetes de plástico de bonecas quita penas. Cale fitaba os bonecos de paus, coas pernas e brazos atados con cordas de cores. Había cadrados pequenos de papel no mostrador. *Pon unha boneca quita penas baixo a almofada todas as noites, cóntalle os teus problemas e cando espertes seguro que xa desapareceron.*

A dona da tenda mirou a Cale e inclinouse cara el con bonecas quita penas na súa man.

—Queres algunha? —preguntou.

Cale deu un paso atrás, como fai cando as mulleres son demasiado amables e sorrín sen ningún motivo. Mirou ao seu redor buscando a Clary. Estaba paseando pola tenda, inspeccionando os expositores de batedores de cociña con forma de orellas de coello, as lámpadas con forma de osos e as velas que semellaban anacos sofisticados de pastel. Todo cobraba forma de algo que non era. Cale sacudiu a cabeza en dirección ás bonecas quita penas que a dona da tenda tiña na man.

—Entón, vai realizar outro pedido? —preguntoulle.

—Por suposto —contestou a muller, agarimando cun dedo a orella dun rato—. Pode facer algún rato que vaia en bicicleta?

—Onde co... consigo unha bici pequena para un rato?

—Creo que se chama raticicleta, papá —dixo Clary, de pé tras del.

A muller riu.

—Non sei. Igual nun patín? Ou un rato esquiador?

Clary imaxinou outra viaxe á tenda de bonecas, un rato no peto de seu pai, todo adaptado ao seu tamaño diminuto. Cale puxo as mans nos petos de flanela e foi en dirección á porta sen mirar cara atrás. A muller mirou como marchaba, agarimando a súa cola de cabalo coma se fose unha mascota. Fóra, dúas mozas achegábanse á tenda mentres dicían:

—Temos que entrar aí! Esta tenda ten algunhas cousas ben raras e interesantes.

—É unha tenda rara de car... carballo —dixo Clary—. Quen gasta os malditos cartos en velas que parecen pasteis? Todas funden do mesmo xeito.

—Que me leve o demo se sei no que gasta os cartos a xente, pequena —dixo Cale—. Vaites, pequena, que che teño dito de maldicir?

Clary sorriu, segura de que ía ser a súa pequena toda a súa vida do carballo.

Os ratos que había na mesa xa non cantaban panxoliñas. Un cheiraba unha flor e outros dous dábanse a pata. Clary xogaba cun rato que non tiña nada nas patas, probablemente abrazaría unha caixa de bombóns ou ofrecería un pequeno xoieiro, pero non había cousas pequenas abondo na tenda de bonecas. Cale abriu a carta e pasou a man pola cabeza para limpar o prego da fronte.

—Os propietarios das terras que están ao noso redor xa venderon —dixo.

Clary leu a carta, despois estudoulle a cara a seu pai, incapaz de determinar o que significaba.

—Se quixesen, poderían construír ao noso redor —dixo— tendas pequenas ou algo así.

O señor da camisa recordoulles iso cando pasou a semana pasada. Tiña a chaqueta abotoada, non lles ofreceu a man, só deixou uns papeis.

—Por suposto, esta non sería a solución máis beneficiosa —dixo— pero...

Beneficiosa, pensou Clary. Non estaba segura do que significaba. Soaba como a Venecia estragada por un ambicioso.

Cale pechou a última caixa. Clary relaxouse na fiestra e deixou que o aire frío a levase por toda a cidade. Había corazóns no escaparate da tenda, corazóns de chocolate recubertos de papel de aluminio brillante, coxíns con forma de corazón, unha morea de xoguetes brandos coa frase «Quérote» cosida no peito como se fosen tatuaxes.

—Ola!

A muller que estaba detrás do mostrador sorriu coma se se encontrase cunha vella amiga, pero só era Cale repartindo máis ratos. A súa filla arrastrábase tras del, mirando todo o que había nos estantes. El entregou a caixa cos novos ratos. A muller exclamou sorprendida, abriu a caixa rexistradora e contou os billetes na man un por un, parecía que o dedo contaba unha fortuna na súa palma.

—O último rato vendeuse nunha semana —dixo—. Pode facer algún máis? Nada moi grande. Algo riquiño. Gustaríame algo para a Pascua.

Mirou a Cale cun sentimento na voz que era máis grande ca un rato. Cale ollou o seu dedo que agarimaba a coleta e mirou para outro lado.

—Non sei —respondeu.

Clary estaba detrás del, xusto aí, como se fose a súa xerente, coma se todo o que miraba nas cousas raras que tiña cerca fose unha trampa e ela estivese esperando para dar o paso e facer o que tiña que facer.

—Por suposto que poderá facer algo —dixo ela—. Pode facer calquera cousa.

—Xenial, pase por aquí cando queira e amóseme o que ten —dixo a muller.

Foron en silencio todo o camiño á casa, Clary e Cale. Ela sabía que el aínda pensaba no da carta sobre a súa terra. El sabía que ela pensaba no que el debería vender na tenda. Miraron polas xanelas o sol que se escondía, aínda quedaba algo de neve nas sombras dos edificios aos que a luz do sol non tocaba. Non falaron ata chegaren á caravana, mentres comían unha pizza que compraran de camiño á casa.

—Quizais temos que vender —dixo Clary.

Non o quería dicir, pensou que nunca o faría, pero fíxoo. Díxoo como se fose unha palabra malsoante que non puidese censurar. O seu pai mastigou a pizza fitando a carta que estaba sobre a mesa, mentres un cordel de queixo conectaba o anaco de pizza cos seus beizos.

—Nin se che ocorra pensar iso, pequena, nada de renderse. É a nosa terra. Ademais, onde van vivir os lebrílopes?

Sorriu o mellor que puido, mais os seus beizos non mostraban o mesmo ca os seus ollos.

—Os lebrílopes non existen, papá —dixo Clary—. O único que cazaba mamá eran cabronílopes.

Mirouno, esperando a que lle corrixe o vocabulario, sen saber se volvería ser a súa pequena. Cale baixou o anaco que estaba a comer. O silencio estendíase entre eles coma o queixo da pizza, moi fino, pero a piques de quebrarse.

—Se non estivésemos aquí, como faría ela para volver? —preguntou.

Clary mirou por toda a caravana pensando na súa nai. A súa vida parecía valerlle coma a pel dun coello a unha lebre. Ela era máis grande. Clary abriu a boca, sen poder facer que a súa voz saíse o suficientemente baixa para que non a escoitase. Só eran palabras ordenadas no mostrador como se fai co mollo picante ou co fío.

—Non vai volver nunca —dixo.

Clary escolleu os cornos para o lebrílope. Cale deixou que o mirase traballar no coello. Ela apertou a arxila que sostiña nos ollos e mirouna transformarse en algo alén de si mesmo. Finalmente, estaba listo. Os cornos do coello sucaban o aire de primavera coma uns ganchos preparados para colgar as chaves de alguén. Clary púxoo na caixa e conduciron. Xuntos, permaneceron de pé diante do mostrador da tenda. Cale deixou a caixa enriba. A dependenta mirou dentro da caixa, quitando un pouco de papel que estaba atrapado nun corno.

—Fixen isto. Podo facer tantos como queira —dixo Cale—. Quere darlles unha oportunidade?